

2018, “*Vespa velutina*: unha invasión imparable”

O Museo de Historia Natural da USC, en colaboración coa Asociación Galega de Apicultura (AGA), o CIFP Politécnico de Santiago e diferentes grupos de investigación das universidades galegas, presenta esta exposición que aborda un tema de actualidade e dunha grande repercusión ambiental e socioeconómica como é a invasión da *Vespa velutina*.

Esta avésa asiática é unha especie exótica invasora que representa actualmente unha das maiores ameazas para a nosa biodiversidade. Desde que aparecera en Galicia, fai apenas 8 anos, a súa expansión polo noso territorio semella imparable e hoxe está xa presente en máis de 250 concellos galegos.



O deseño da exposición inclúe dioramas, paneis, audiovisuais e exemplares dos diferentes tipos de niños e de avéspas, que axudan a recoñecela e a comprender a súa bioloxía e comportamento.



Na exposición préstase unha especial atención a explicar os danos e ameazas que a avésa representa para a nosa biodiversidade, a saúde e seguridade cidadá e os principais impactos socioeconómicos, principalmente no sector da apicultura.

Tamén se mostran os resultados de diferentes liñas de investigación sobre diversos métodos de control (loita biolóxica, biocidas, emprego de trampas eléctricas...), todos eles orientados a conseguir un control máis selectivo e efectivo da avésa, pero sempre procurando preservar ao máximo a biodiversidade.

A entrada á exposición temporal é libre e gratuíta.

